

### **CIRCULAR 10-2016 (modificada con horario novo)**

- A todas as Delegacións (\*)
- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE INVERNO DE LANZAMENTOS LONGOS**

Centro Galego de Tecnificación, 20 de febreiro do 2016

**Art.1)** A Delegación da F.G.A en Pontevedra organizará o **Campionato de Galicia Absoluto de Inverno de Lanzamentos Longos**, que terá lugar no Centro Galego de Tecnificación o vindeiro sábado **día 20 de febreiro** do 2016.

**Art.2)** Poderán participar todos aqueles atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2015/16) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

*\*Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos de Galicia*

**Art.3)** Poderán participar en cada especialidade os atletas que se inscriban coas 12 mellores marcas absolutas, conseguidas durante a tempada 2014/15 ou 2015/16.

**Art.4)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 16 de febreiro do 2016** indicando o número de dorsal oficial da presente tempada

**Art.5)** Deberán comunicarse as baixas ata 45 minutos antes do inicio da proba. No caso de non facelo aplicarase o artigo 12. A entrada à pista farase por cámara de chamadas, non permitíndose o acceso à mesma dende outro punto distinto a esta. O acceso à pista efectuarase 20 minutos antes do inicio da proba. Poderá permitirse a entrada à pista de atletas posteriormente sempre é cando non iniciara à proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

**Art.6)** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas, tanto en homes como en mulleres. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

**Art.7)** Serán proclamados gañador, segundo e terceiro, os atletas que acaden as tres mellores marcas absolutas, tanto en homes como en mulleres.

**Art.8)** Pasarán á mellora os 8 mellores marcas.

**Art.9)** Os atletas deberán utilizar o dorsal personalizado outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles



FEDERACIÓN GALEGA  
DE ATLETISMO

## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>



### Art.10) HOMOLOGACIÓN DE ARTEFACTOS

Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma, exceptuando a xavelina que deberá ser ata 1 hora e 30 minutos antes.

### Art.11) HORARIO (provisional).

Horario modificado en función dos inscritos:

CAMPEONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE LANZAMENTOS LONGOS		CAMPEONATO DE GALICIA DE PENTATLÓN DE LANZAMENTOS DE VETERANS
	09:15	Martelo
	10:30	Peso
Martelo masculino	10:45	
	11:45	Disco
Martelo feminino	12:00	
	12:45	Xavalina
Disco feminino	13:00	
	16:45	Martelo Pesado
Disco masculino	17:00	
Xavalina masculina	18:30	
Xavalina feminina	20:15	

**Art.12)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito (direcciontecnica@fgatletismo.com), salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

**Art.13)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A. (ver normas técnicas 2015/2016), R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 8 de febreiro de 2016



FEDERACIÓN GALEGA  
DE ATLETISMO

## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683

Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

